

# Exeria, unha muller curiosa

Resolve os  
retos da raposa

**Redella**



Queres coñecer a fascinante historia da peregrina Exeria?  
Axúdanos a desvelar os enigmas da súa fazaña.

## 1 Primeiro enigma

Quen era Exeria?

- A. Unha monxa hispana
- B. Unha nobre dama galaica
- C. Unha campesiña lusitana

Mira o **percorrido** que tivo que facer a nosa amiga para cumprir o seu soño.

Esta viaxeira percorreu sendas e camiños ata chegar á vía que unía Hispania con Italia, tomou un **barco que atravesou todo o Mediterráneo** ata Constantinopla, cruzou o deserto e cando levaba mais de medio ano de viaxe subiu á montaña sagrada do Sinaí onde tivo que escalar directamente. É coma unha parede!

Tamén visitou Xerusalén, Israel, Mesopotamia .... e moitos mais lugares de **Europa, Asia e África**. Estivo viaxando **durante tres anos** antes de emprender a volta!



Na zona do Bierzo vivían moitos monxes que se dedicaban a rezar e meditar e **Exeria** ao escoitar os religiosos ler estas pasaxes bíblicas, intereseouse por coñecer aqueles lugares misteriosos de Oriente que aparecían na Biblia.

Así foi como un día Exeria decidiu peregrinar ata **Terra Santa** nos confíns do **Imperio Romano**.

Eses lugares estaban moi moi lonxe e podían resultar perigosos pero, Exeria como era tan curiosa e valente decidiu arriscarse e vivir unha grande aventura.

1º enigma: 2. Unha nobre dama galaica

**SOLUCIÓN:**

# Exeria, unha muller curiosa

## 2 Segundo enigma

A peregrina percorreu case todo o mundo coñecido daquela, pero sabes **cantos quilómetros significa iso?**

Os romanos medían a distancia en millas. Sabemos que Exeria percorreu **3.800 millas romanas**



**PISTA:** 1 milla romana = 1.479 metros

## 3 Terceiro enigma

Na seguinte sopa de letras atoparás **cinco medios de transporte** que empregou Exeria no transcurso da súa viaxe. Axúdanos a descubrilos:

P	H	W	Y	E	I	E
E	C	J	C	Z	T	T
S	A	M	A	A	N	B
X	M	P	B	S	B	A
X	E	Z	Z	N	U	R
R	L	J	L	O	T	C
I	O	A	O	R	N	O



Polo camiño a xente era moi hospitalaria dándolle pusada, comida e bebida. Algúns monxes incluso a acompañaban facéndolle de guías por aquelas paraxes e recibe "euloxias" presentes que se ofrecen aos e ás peregrinas nos diferentes santuarios. Pero, estaraste preguntando: **como sabemos tantas cousas sobre Exeria?** Pois porque relatou toda a viaxe a través de cartas que lles escribía ás súas amigas que quedaran na Gallaecia.

**Tomaba nota de todo o que vía!!**

3º enigma: Fés, barco, camelo, cabalo, asno  
2º enigma: 5.620,2 km  
**SOLUCIÓNS:**

## Exeria, unha muller curiosa

### 4 Cuarto enigma


Sabes en que idioma escribiu Exeria o seu libro de viaxes?

- A. Latín
- B. Galaico-portugués
- C. Castelán
- D. inglés
- E. Italiano



### 5 Quinto enigma

Cal cres que podería ser o aspecto de Exeria?



Non sabemos se Exeria volveu á súa terra natal, porque na última carta dicía:

*“Señoras miñas: dignádevos a terme na vosa memoria, tanto se continúo dentro do meu corpo, como se por fin o abandonei”*



#### Por último quero lanzarche un reto:

Corta tres papeliños e **escribe tres lugares aos que che gustaría ir**, pero non podes debido ao confinamento (poden ser lugares afastados ou pretiño) fai un debuxiño ao carón de cada lugar e colga os tres deseños na neveira da túa casa.

Espero que axiña poidas cumprir o teu desexo como fixo a nosa protagonista de hoxe!

SOLUCIÓNS:  
4º enigma: 1. Latín  
5º enigma: A

# Conseguíchelo!!

Agardo terte sorprendido con esta fantástica *trotamundos!*  
Moitas grazas

